

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7.^a,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 02.02.2017

Hora: 10:30

A Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 2 de febreiro de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

- 1.1 2884 (10/POC-000426)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre a última convocatoria de axudas para a limpeza de bosques de coníferas e de caducifolias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.2 2923 (10/POC-000444)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 6 máis
Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto das actuacións que se van realizar nos vindeiros catro anos para potenciar a concentración parcelaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.3 3172 (10/POC-000521)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coas causas do elevado número de explotacións gandeiras que pecharon en Galicia no ano 2016, a realización pola Consellería do Medio Rural dalgunha investigación ou informe ao respecto e as medidas previstas para frear o elevado ritmo de abandono da actividade e atender as súas consecuencias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

- 2.1 1281 (10/PNC-000124)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego no Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, polo que se regula o reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016
- 2.2 1508 (10/PNC-000148)
Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa inspección periódica dos equipos de aplicación de produtos fitosanitarios

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21, do 29.11.2016

2.3

1725 (10/PNC-000181)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a realización do control bacteriolóxico oficial do leite co fin de evitar especulacións e posibilitarlle ao produtor a realización dunha contraanálise

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016

2.4

2670 (10/PNC-000277)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para a redacción do novo Plan forestal de Galicia tendo en conta as directrices do Consello Forestal de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43, do 12.01.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2017

Moisés Blanco Paradelo

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7.^a, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Carlos Enrique López Crespo	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 02.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 02.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 2884(10/POC-000426)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a última convocatoria de axudas para a limpeza de
bosques de coníferas e de caducifolias

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2017 13:34
Nº Rexistro: 2884
Data envío: 03/01/2017 13:34:19.498

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás anomalías observadas na última convocatoria de axudas para a limpeza de bosques de coníferas e de caducifolias.

O día 12 do pasado mes de setembro, xa en plena campaña electoral, a Consellaría de Medio Rural publicou no DOG o anuncio polo que se resolven as axudas convocadas para a limpeza de bosques de coníferas e de caducifolias.

Estas axudas, destinadas tanto a particulares como a comunidades de montes, empresas e outras persoas xurídicas, teñen como finalidade realizar traballos de rozas, rareos e podas das árbores para contribuír á mellora da masa forestal e evitar os incendios.

Inicialmente, a convocatoria destas axudas fora publicada no DOG do día 30 de decembro de 2015 con tal número de incongruencias que resultaba imposible poder entender o seu contido e mesmo cumprimentar os formularios que se achegaban por non se axustaren ás bases do seu articulado.

Un mes despois, no DOG do día 29 de xaneiro de 2016 publícase unha denominada corrección de erros que vén sendo en realidade unha nova Orde, de contido diferente á que se publicara o día 30 de decembro anterior, cando xa estaba a piques de



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2017 13:34
Nº Rexistro: 2884
Data envío: 03/01/2017 13:34:19.498

rematar o prazo que se fixara. Agora prorrogábase este un mes máis, isto é, até o día 1 de marzo de 2016.

Indícase que o prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de cinco meses contados a partir do día seguinte ó da publicación da orde de convocatoria no DOG.

Por tanto o día 30 de xuño tiñan que estar concedidas e notificadas as resolucións. Sucedeu isto con dous meses e medio de demora, o día 12 de setembro de 2016, xustamente cando estaba rematando o verán e cando chegaron as primeiras chuvias e se extinguiron os incendios.

Con estas demoras na resolución a Administración incumpre cos compromisos que ela mesma fixa, deixando transcorrer un tempo que debiera ser empregado en realizar os traballos de limpeza dos montes antes de que nos meses do verán fosen pasto dos lumes, quedando o período de realización destes traballos ós meses de outubro, novembro e algúns días de decembro pois as xustificacións dos gastos para que computen nesta anualidade do 2.016 teñen de facturarse antes do remate deste exercicio económico.

O crédito co que se conta para este cometido na correspondente partida orzamentaria ascende a 15 millóns de euros. Pois ben, analizadas as concesións destas axudas unha por unha tal e como figuran no anuncio publicado no DOG, resulta que o 20 por cento deste importe ficou sen adxudicar.

A esta convocatoria presentáronse exactamente 1.029 solicitudes, das cales máis da metade foron denegadas

En moitos casos, os motivos da desestimación son de tipo formal como “solicitudade mal cuberta, faltan datos de superficie, datos incorrectos na referencia do



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2017 13:34
Nº Rexistro: 2884
Data envío: 03/01/2017 13:34:19.498

SIXPAC...” incumprindo o seu deber a Administración de concederlles aos concorrentes un prazo de dez días para subsanaren as solicitudes como se contempla no artigo 71 da Lei 30/1992, de procedemento administrativo.

Chama a atención tamén que o volume de axudas concedidas a cada provincia non garda relación coa cantidade de superficie arborada, así Ourense leva o 46,22% .O número de solicitudes denegadas para limpeza de bosques de Lugo é un 264 % superior ó das denegadas en Ourense. Será que os solicitantes ourensáns son máis expertos en cumprimentaren os impresos de solicitude que os da provincia de Lugo?

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- *Que explicacións pode dar o goberno da Xunta as incongruencias da convocatoria de 30 de decembro de 2015?*
- *Como xustifican a demora na concesión e notificación das resolucións que debera ter sido feita a 30 de xuño e faise finalmente o 12 de setembro provocando unha demora que permite que os incendios aforren parte dos traballos?*
- *Por que se denegan máis da metade das solicitudes presentadas sendo, en moitos casos, o motivo a falta de documentación, solicitude mal cuberta, erros en datos... incumprindo o artigo 71 da lei 30/1992 de procedemento administrativo?*



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2017 13:34
Nº Rexistro: 2884
Data envío: 03/01/2017 13:34:19.498

- *Cal é o criterio seguido para que o número de solicitudes denegadas para limpeza de bosques en Lugo sexa o 264% superior ó das denegadas en Ourense?*

- *Do total de 15.000.000 de euros desta partida orzamentaria, 3.006.305 quedaron sen conceder, e parte das axudas concedidas arderan xa nos meses de verán. Como se xustifica isto?*

- *Teñen pensado subsanar todos estes erros na vindeira convocatoria?*

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2017 13:34
Nº Rexistro: 2884
Data envío: 03/01/2017 13:34:19.498

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/01/2017 13:16:09

María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2017 13:16:20

Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2017 13:16:26

Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2017 13:16:30

Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2017 13:16:35

Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2017 13:16:40

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 02.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 2923(10/POC-000444)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto das actuacións que se van realizar nos vindeiros catro anos para potenciar a concentración parcelaria

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017

Á Mesa do Parlamento

José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos E. López Crespo, Silvestre Balseiros Ginarte, Carlos Gómez Salgado e Daniel Vega Pérez, deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

A concentración/reestruturación parcelaria é un proceso moi complexo pero moi importante para o medio rural galego e supón unha clara aposta polo sector agrario, pero ademais, fai que o rural ofrezca máis posibilidades de futuro((traballo, potencia as explotacións, mellora as comunicacións...).

Dada a súa importancia, este ano déuselle un gran impulso destinando a tal fin 27,1 millóns de euros, que na súa meirande parte, serven para a execución das redes de camiños de concentración. Dada a dificultade da execución destas actuacións, coñecida por todos, moitas destas obras teñen carácter bianual, polo que, aínda que se contraten este ano non se finalizarán ata o ano que ven, que é cando poderemos ter rematadas un bo número de redes de camiños tanto principais como secundarias, permitindo mellorar os desprazamentos e facendo máis sostible o aproveitamento da terra.

A Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, un dos principais avances neste eido da lexislatura pasada, é o paso máis importante de cara a simplificar as distintas fases de concentración e para optimizar a xestión dos recursos dispoñibles. Polo tanto, destinaremos unha media de 20 millóns de euros anuais, porque o rural ten que ser unha opción de futuro.

Polo exposto os deputados e deputadas abaixo asinantes formulan as seguintes preguntas:

-Que previsión manexa a consellería do medio rural respecto ás actuacións a realizar nos vindeiros 4 anos co fin de potenciar a concentración?.



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2017 09:54
Nº Rexistro: 2923**
Data envío: 04/01/2017 09:54:29.842

-En qué medida a lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia vai a favorecer alcanzar os obxectivos de futuro?.

-Que medios se van a poñer a disposición para dar remate ás concentracións vivas?.

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 04/01/2017 09:49:34

Raquel Arias Rodríguez na data 04/01/2017 09:50:14

Moisés Blanco Paradelo na data 04/01/2017 09:50:22

Carlos Enrique López Crespo na data 04/01/2017 09:50:28

Silvestre Balseiros Guinarte na data 04/01/2017 09:50:43

Carlos Gómez Salgado na data 04/01/2017 09:50:50

Daniel Vega Pérez na data 04/01/2017 09:51:11

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 02.02.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 3172(10/POC-000521)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coas causas do elevado número de explotacións gandeiras que pecharon en Galicia no ano 2016, a realización pola Consellería do Medio Rural dalgunha investigación ou informe ao respecto e as medidas previstas para frear o elevado ritmo de abandono da actividade e atender as súas consecuencias

Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

A deputada **Paula Quinteiro Araújo** e o deputado **David Rodríguez Estévez**, pertencentes ao Grupo Parlamentar En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

Galiza perdeu un total de 524 granxas lácteas entre xaneiro e novembro de 2016 —a falta de coñecer os datos do mes de decembro—, ata quedar nun total de 8.554 produtores, fronte aos 9.078 cos que comezaba o ano. Esta cifra representa o 60% de todo o Estado, unha cifra moi superior ao 39% que representa o sector lácteo galego no conxunto do Estado. As explotacións galegas perderon a cuarta parte das súas vacas en dez anos. Estas cifras non poden achacarse unicamente a xubilacións e, máis ben, amosan a ausencia de relevo xeracional e o desmantelamento das pequenas explotacións.

Os peches de explotacións están a agravar o intenso proceso de desagrarización rexistrado nas últimas décadas, onde o cesamento da produción de leite converteuse nunha maioría dos casos en abandono da actividade agraria pola falta de desenvolvemento doutras producións e resultou no abandono ou plantación forestal de boa parte das terras. De feito nos últimos anos o peche de explotacións gandeiras levou a que se perderan máis de 90.000 hectáreas de Superficie Agraria Útil.

Deste xeito estase a agudizar o problema existente de abandono, xa que as terras agrarias ocupan só un 22% da superficie total, e a incrementarse a posibilidade de incendios, así como os desequilibrios territoriais e o retroceso demográfico



nas zonas rurais. En comarcas eminentemente gandeiras, as vilas e aldeas que van quedando sen vacas van ficando tamén cada vez con menos xente. No caso da zona centro do país, isto é, o interior da provincia da Coruña, o centro e o sur de Lugo e mais o norte de Ourense, os concellos que máis poboación perderon, porcentualmente, son tamén os que, en números absolutos, máis cabezas de gando bovino deixaron de ter.

Coa eliminación das cotas desapareceu a garantía da recollida de leite que anteriormente existía na práctica ao estar controlada a produción e ser inferior á demanda das industrias. En diante as industrias poden seleccionar os gandeiros aos que recollen o leite en función dos seus custos de recollida. O sector gandeiro veuse debilitado pola falta de medidas que deberían terse tomado cando menos dende 2008, cando se fixou o calendario de eliminación das cotas. Dende ese ano pecharon case 5.000 granxas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

1ª) Cales considera que son as causas desta cantidade de peches de explotacións gandeiras e se ten realizado algunha investigación ou informe neste sentido por parte da Consellería de Medio Rural?

2ª) Que medidas pensa adoptar para frear este ritmo de peche de granxas tan elevado e atender as súas consecuencias?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo,

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputada do G.P de En Marea

Deputado do GP. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2017 13:04
Nº Rexistro: 3172
Data envío: 11/01/2017 13:04:43.320

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 11/01/2017 12:46:45

David Rodríguez Estévez na data 11/01/2017 12:47:01

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 02.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 02.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 1281(10/PNC-000124)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego no Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, polo que se regula o reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2016 12:49
Nº Rexistro: 1281
Data envío: 17/11/2016 12:49:32.263

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Se o obxectivo do Decreto 23/2016 de 25 de febreiro fose o de ter un control que asegurase o reinvestimento no monte veciñal no 40% de tódolos ingresos, abondaría cun documento simple (certificado do tesoureiro/a da comunidade de montes, consulta da Administración Forestal á Axencia Tributaria). Pero obrigar ás comunidades de montes a cubrir un documento complicado só ten un obxectivo: que as comunidades de montes non o cubran ou o cubran mal para que non poidan ter acceso ás axudas e subvencións.

Incluír a cuantía das subvencións recibidas como ingreso do monte veciñal, do que hai que investir o 40% en mellora e protección forestal, é en si unha aberración xa que as subvencións son finalistas, isto é, débese investir a cuantía da axuda ou subvención recibida no obxecto para o que foi concedida.

Ademais imposibilita que as comunidades de montes poidan cumprir o decreto de reinvestimento obrigado no monte veciñal. Poñamos por caso un monte veciñal cuns ingresos anuais de 100 euros. Destes ingresos 20 proveñen dunha corta de madeira e 80 dunha subvención para poñer en valor un castro. De xeito obrigado a comunidade de montes ten que investir 40 euros en mellora e protección forestal co que incumpre coa subvención ou viceversa. Ou renuncia a por en valor o castro ou renuncia á subvención.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2016 12:49
Nº Rexistro: 1281
Data envío: 17/11/2016 12:49:32.263

Xeralmente as cuantías das expropiacións son elevadas. O decreto de reinvestimento obrigado na mellora e protección forestal marca que o xa citado 40% desta cuantía hai que levala a cabo nun ano ou se a Administración Forestal o admite, en 4 anos. Esta obriga supón non entender o monte, onde as producións son a longo tempo. Ter que investilas nun ou en catro anos equivale a impedir o logro dun monte multifuncional e sustentable.

Por todo o exposto anteriormente fórmulase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a modificar o Decreto 23/2016 de 25 de febreiro polo que se regula a reinversión dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal para que a tramitación sexa simple, retirar a cuantía das subvencións da base impoñible e dar un período de amortización de 15 anos para as cuantías recibidas polas expropiacións."

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2016

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2016 12:49
Nº Rexistro: 1281

Data envío: 17/11/2016 12:49:32.263

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/11/2016 12:45:45

Olalla Rodil Fernández na data 17/11/2016 12:45:52

María Montserrat Prado Cores na data 17/11/2016 12:45:56

Noa Presas Bergantiños na data 17/11/2016 12:45:59

Xosé Luis Bará Torres na data 17/11/2016 12:46:02

Ana Pontón Mondelo na data 17/11/2016 12:46:07

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 02.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 1508(10/PNC-000148)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación coa inspección periódica dos equipos de aplicación
de produtos fitosanitarios

Publicación da iniciativa, 21, 29.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2016 13:33
Nº Rexistro: 1508
Data envío: 22/11/2016 13:33:02.847



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Paula Quinteiro Araujo e David Rodríguez Estévez**, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.^a**, a prol da ampliación de prazo, ampliación de Estacións de Inspección de Equipos de Aplicación de Produtos Fitosanitarios, a redución de custe nas Inspeccións periódicas en equipos de aplicación de produtos fitosanitarios e a subvención para a adquisición de equipos novos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Directiva 2009/128/CE, sobre o uso sostible dos plaguicidas, establece a obrigatoriedade das inspeccións periódicas aos equipos de aplicación de produtos fitosanitarios.

O Real decreto 1702/2011, sobre inspeccións periódicas dos equipos de aplicación de produtos fitosanitarios e o Decreto galego 69/2014, do 15 de maio, establece que os ditos equipos serán inspeccionados de acordo cun programa de inspeccións elaborado pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

O obxecto destas inspeccións dos equipos e máquinas de aplicación de produtos fitosanitarios é comprobar o estado e o seu funcionamento para conseguir unha correcta aplicación do produto nos cultivos agrícolas. Ademais, que cumpra coa normativa de seguridade respecto ao operador e coa normativa medioambiental para protexer tanto ao aplicador como ao entorno agrícola.



Todos os equipos haberá que inscribilos no ROMA (Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola) de cada provincia.

As inspeccións realizaranse nas Estacións de Inspección de Equipos de Aplicación de Produtos Fitosanitarios (ITEAF).

Os equipos deben de pasar dita revisión nos cinco primeiros anos desde a súa compra cando son novos, e as inspeccións posteriores serán cada cinco anos, agás para os que prestan servizos a terceiros, nos que farase cada tres anos.

A partir do ano 2020, as inspeccións faranse cada tres anos, polo cal volveuse a observar un forte afán recaudatorio ca citada revisión.

En todo caso, todos os equipos obrigados deberán estar inspeccionados polo menos unha vez antes do 26 de novembro de 2016.

O resultado das inspeccións será favorable cando non se detecte defecto grave, entendendo como tal o que afecte severamente á calidade de distribución do produto, á seguridade do operario ou ao ambiente, e está tipificado no manual de inspeccións.

Cando o resultado das inspeccións sexa desfavorable, non se poderá utilizar o equipo. A ITEAF emitirá un certificado cos defectos leves ou graves que haberá que subsanar, e terán un prazo de 30 días contados desde da emisión do certificado para subsanalos.

A día de hoxe, calculase que tan solo un 35% da maquinaria afectada por dita inspección pasou de forma favorable a mesma, polo que, entendendo que deben de existir tales revisións, para evitar accidentes laborais, posibles enfermidades o estar en contacto directo con produtos fitosanitarios,



contaminación medioambiental, etc... Dende En Marea, compartimos o sentir de centos de agricultores e só vemos en esta medida un alto afán recaudatorio.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Ampliar o prazo para pasar dita inspección ata o mes de marzo do ano 2017.
- 2.- Ampliar o número de Estacións de Inspección de Equipos de Aplicación de Produtos Fitosanitarios (ITEAF) nas comarcas de A Limia e Verín (en Ourense) e na comarca de A Terra Chá (Lugo), por ser as comarcas que máis lonxe se atopan de ITEAF's (na provincia de Ourense tan só existe unha no Barco de Valdeorras), a pesar de representar o 17'68% do censo total de equipos na Galiza.
- 3.- Dotar unha partida para subvencionar a adquisición de equipos novos a tódolos agricultores que dispoñan de equipos que non pasen a inspección, xa que un equipo novo pode pasar dos 20.000€ de custe.
- 4.- Reducir o custe da inspección e das multas un 50%, xa que nos parece excesivo para un sector que día tras día ven reducir os ingresos por mor das políticas neoliberais que dende Europa están a aplicar en favor dos tratados de libre comercio.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2016 13:33
Nº Rexistro: 1508
Data envío: 22/11/2016 13:33:02.847

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 22/11/2016 13:31:40

David Rodríguez Estévez na data 22/11/2016 13:31:53

Luis Villares Naveira na data 22/11/2016 13:32:03

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 02.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 1725(10/PNC-000181)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a realización do control bacteriolóxico oficial do leite co fin de evitar especulacións e posibilitarlle ao produtor a realización dunha contraanálise

Publicación da iniciativa, 26, 07.12.2016



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

O control bacteriolóxico do leite é un elemento de control clave para garantir unha maior sanidade, unha mellor calidade e unha maior seguridade alimentaria. Este control indícanos como funciona a explotación en canto á alimentación, cambios na dieta, saneamento, vacinacións, estrés, etc.

Na propia páxina da consellaría dise o seguinte: “A realización de controis oficiais é necesaria para comprobar o cumprimento dos criterios e obxectivos establecidos na lexislación comunitaria. A finalidade é alcanzar leite de calidade que sexa percibido como seguro para os consumidores e a autoridade competente, conseguindo así a confianza nun produto obtido de acordo coas normas referidas á seguridade alimentaria, ao benestar animal e á protección do medio ambiente.” Estes controis, hoxe en día, están estendidos a toda a cabana leiteira e funcionan meridianamente ben e con premura.

A empresa láctea leva cada día de recollida unha mostra para a súa análise, que por unha banda analiza a propia empresa para controlar a presenza ou non de medicamentos no leite, e por outra é remitida ao Ligal (laboratorio Interprofesional de Galicia) para efectuar os controis oficiais esixidos. No caso dalgunha alteración o organismo oficial ao día seguinte da recollida visita a granxa para facer unha contraanálise. O máis común é que sexa un problema puntual, pero ante este feito o gandeiro non pode pedir unha contraanálise do mesmo día dado que só se dispón dunha mostra, porque a segunda análise realizarase sobre o leite do día seguinte e non sobre o do día da recollida.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 17:16
Nº Rexistro: 1725
Data envío: 28/11/2016 17:16:24.259



Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que estableza os mecanismos necesarios para a realización de controis oficiais do leite e se recollan dúas mostras, unha para a empresa e outra para o gandeiro, co fin de evitar especulacións ao respecto e dar unha maior seguridade ao produtor coa posibilidade de realizar unha contraanálise no caso de atoparse algún tipo de residuo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/11/2016 17:14:25

José Antonio Quiroga Díaz na data 28/11/2016 17:14:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/11/2016 17:14:51

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 02.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 2670(10/PNC-000277)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para a redacción do
novo Plan forestal de Galicia tendo en conta as directrices
do Consello Forestal de Galicia

Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2016 09:30
Nº Rexistro: 2670
Data envío: 27/12/2016 18:58:30.109

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputada, **José González Vázquez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos E. López Crespo, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre J. Balseiros Guinarte, Carlos Gómez Salgado e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos:

O Plan Forestal de Galicia (PFG) do ano 1992 foi un documento básico que estableceu un modelo forestal a longo prazo co fin de manter una coherencia nas intervencións no monte e nos sectores derivados.

Tras máis de 20 anos de vixencia, a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia desenvolveu nos seus artigos 72 e 73 as pautas para a elaboración ou revisión dun novo Plan Forestal de Galicia.

De acordo con estas pautas, no procedemento de elaboración do Plan Forestal dáse moita importancia a participación de tódolos axentes que conforman o sector forestal, a través dos seus órganos de representación. En concreto, o órgano de representación do sector é o Consello Forestal de Galicia, que tal e como indica o artigo 12 da Lei 7/2012, é o órgano consultivo e de asesoramento da Administración autonómica en materia forestal, e nel están presentes os representantes da propiedade, da Administración local, das organizacións empresariais, da investigación e das demais organizacións, asociacións de persoas propietarias, titulares de montes e produtoras e entidades relacionadas co ámbito forestal.

O Consello Forestal de Galicia acordou no ano 2014 crear un grupo de traballo. Este grupo nacía para dar resposta á demanda da sociedade galega á fin de que se acordase o modelo de monte que se desexa para Galicia no futuro e dito modelo servise de guía na elaboración da revisión do Plan Forestal de Galicia.

A metodoloxía empregada tivo como principal obxecto establecer as ditas directrices de revisión a través dun proceso participativo, cun enfoque integrado de monte e de forma consensuada por todos os axentes relacionados co monte. Debían ser eles os que finalmente presentasen ao Consello Forestal de Galicia as directrices elaboradas,

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2016 09:30
Nº Rexistro: 2670
Data envío: 27/12/2016 18:58:30.109

debendo ditas directrices servir de guía á Xunta de Galicia na redacción da revisión do Plan Forestal para Galicia.

En decembro de 2015 o grupo de traballo finalizaba o seu traballo e aprobaba o texto das Directrices por consenso (coa abstención unicamente do representante de Amigos da terra) concluíndose polo tanto que este documento debe considerarse como o resultado do labor do grupo de traballo no seu conxunto. Polo tanto, trátase dunhas directrices consensuadas pola totalidade do sector forestal galego.

A redacción do novo Plan Forestal de Galicia revisado comezou no 2016 e actualmente está en tramitación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que na redacción do novo Plan Forestal de Galicia se sigan as directrices consensuadas polo Consello Forestal de Galicia”.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/12/2016 18:54:19

José González Vázquez na data 27/12/2016 18:54:31

Moisés Blanco Paradelo na data 27/12/2016 18:54:57

Carlos Enrique López Crespo na data 27/12/2016 18:55:04

Raquel Arias Rodríguez na data 27/12/2016 18:55:18

Silvestre Balseiros Guinarte na data 27/12/2016 18:55:26

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2016 18:55:34

[Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63](#)
[15701 Santiago de Compostela](#)
[T. 981 551 510 F. 981 551 422](#)
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2016 09:30
Nº Rexistro: 2670
Data envío: 27/12/2016 18:58:30.109

Daniel Vega Pérez na data 27/12/2016 18:55:53

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com